

FINANZAS

Ampliación do prazo de pago da débeda ata o ano 2043 **Páx. 3**

OBRAS

No 2022 hai previstos investimentos por 4 millóns de € **Páx. 6 - 7**

SERVIZOS SOCIAIS

Primeiros inquilinos das vivendas cedidas pola SAREB **Páx. 11**

DEPORTE

Máis de 200 persoas participaron no I Tríatlon Cross **Páx. 18**

A Fraga do Xarío e o Camiño, unidos por unha senda



Novo itinerario ao carón do río Xarío

A terceira fase do proxecto Fraga do Xarío, incluído dentro do plan de mobilidade que o goberno local está a implementar nos últimos anos, xa é unha realidade. O novo itinerario

permitiu crear unha senda que transcorre paralela á canle do río Xarío, atravesando os terreos do campo de golf e conectando co Camiño de Santiago. Esta actuación, financiada con

recursos municipais e unha subvención autonómica, permite continuar co plan do Concello de unir parroquias e lugares de interese turístico a través dunha rede de sendas. **Páx. 16**

Crecemento continuo da economía municipal

No 2021 o goberno local deu continuidade á revitalización que están a vivir as arcas municipais, nas que o investimento non deixa de medrar. **Páx. 2**

Os Servizos Sociais, unha área vital


Os datos do departamento de Servizos Sociais, nas súas diferentes ramas, amosan a importancia que ten para os veciños e veciñas de Miño o traballo que desenvolve. **Páx. 12-13**

Aténdense as demandas da Ponte do Porco

Renovouse o parque infantil do núcleo, no que se creou unha praza e se integrou o espazo no Camiño Inglés. **Páx. 8**

O investimento medra máis do dobre nos últimos dous anos

ORZAMENTO DESTINADO A INVESTIMENTOS



A pesar da delicada situación económica, o Concello contou no 2021 cun orzamento netamente investidor

A revitalización e o impulso que está a experimentar a economía do Concello de Miño tradúcese nos orzamentos para o ano 2021

presentados e aprobados polo goberno local. Unhas contas que, a pesar da situación delicada das arcas municipais, son netamente investidoras, xa que destinan na partida de investimentos máis do dobre que a cantidade consignada para o mesmo fin no ano 2019 e que quintuplica a do 2018.

Así, no exercicio pasado

aprobáronse diferentes proxectos, algúns xa executados e outros pendentes, que suman 1,3 millóns de euros, mentres que no ano 2019 orzamentáronse actuacións por valor de 556.000 euros e no 2020 por 937.000 euros. Este esforzo é posible grazas ao traballo levado a cabo polo goberno local, chamando á porta de todas

as administracións, desde o Goberno do Estado á Xunta de Galicia ou á Deputación da Coruña, coas que se buscou unha colaboración constante que permitiu manter e ofrecer mellores servizos aos veciños e veciñas de Miño.

7,6 MILLÓNS DE EUROS

A xestión da tesourería levada a cabo polo goberno local tamén se reflicte no orzamento, que está a experimentar un continuo crecemento nos últimos anos, chegando no 2021 a 7,6 millóns de euros, o que supón un aumento de case 1 millón de euros con respecto ao ano 2019, que se toma como referencia debido a que no ano 2020 o orzamento alcanzaba os 14,2 millóns de euros ao contabilizarse o préstamo do Ministerio de Facenda para pagar os intereses dos expropiados da urbanización Costa Miño, recoñecidos por sentenzas xudiciais. As contas tamén inclúen as subvencións a entidades e particulares: bolsas de libros e comedor, axudas ás asociacións ou emerxencia social.

Incremento do remanente e redución da contía da débeda

A falta de pechar o exercicio económico do ano 2021, que se fará nos próximos meses, todo indica que as cifras darán continuidade ao acontecido no 2020, un exercicio que o Concello de Miño pechou cun incremento do remanente de tesourería de 0,9 millóns de euros respecto a 2018 e 2019 e unha redución da contía da débeda municipal de 1,6 millóns de euros respecto a 2018.

As contas do 2020 recollen un remanente líquido para gastos xerais de case 1,3 millóns de euros, unha cifra que triplica a dos exercicios 2018 e 2019, que se situaba en 0,4 millóns de euros. O

Concello pechou o ano 2020 cun resultado orzamentario de 1 millón de euros. Manuel Vázquez Faraldo destaca que "a boa xestión económica non só non reduciu, senón que aumentou os servizos para a nosa veciñanza. É o resultado dun esforzo que xa está a traer beneficios". Aínda así, lembra que "o uso do remanente non é libre, só se pode empregar para investimentos financeiramente sostibles".

En canto á débeda, o montante pasou dos 23 millóns de euros aos 20,5 millóns de euros no 2020, aumentando ademais o prazo co Estado ata o ano 2043.



Sinatura do contrato

Un segundo arquitecto para reforzar a área de Urbanismo

A crecente demanda de trámites xunto co atraso acumulado da anterior lexislatura no departamento de Urbanismo fixo que o Concello decidise reforzar, desde o mes de outubro do ano pasado, esta área coa incorporación dun novo

arquitecto. Agora conta con dous arquitectos, unha apareladora e unha administrativa para axilizar a concesión de licenzas e outros trámites sen xestionar, e para mellorar a capacidade de resposta, dando así un mellor servizo á cidadanía.

O Concello e o Ministerio acordan ampliar o pago da débeda ata o ano 2043

O pago anual redúcese de 1,6 millóns de euros a 0,9 millóns de euros por ano


Un único crédito bancario para facer fronte á débeda municipal de 19 millóns de euros rexe as contas do Concello de Miño. No mes de outubro Manuel Vázquez Faraldo formalizou con ABANCA este balón de osíxeno que permitiu

ampliar o prazo de pago ata o ano 2043 e que reduciu as taxas anuais, que se satisfarán desde o ano 2023, de 1,6 millóns de euros a 0,9 millóns de euros. A sinatura do crédito coa entidade bancaria galega foi o último paso dun proceso iniciado coa adhesión do Concello á medida do Ministerio de Facenda para o financiamento das débedas das administracións locais a través do Instituto de Crédito Oficial (ICO).

Grazas a este acordo, na Tesourería municipal contan cunha nova folia de ruta: agrupáronse os dous créditos aos que se debía facer fronte anteriormente; aumentouse o prazo de amortización con respecto a estes en 5 e 13 anos, respectivamente; o pago anual redúcese de 1,6 millóns de euros a 0,9 millóns de euros e, ademais, hai un período de carencia polo que non terá que comezar a amortizarse a débeda ata o ano 2023.

O rexedor agradece “a predisposición amosada desde o primeiro momento por ABANCA, que actúa en nome do ICO, para poder formalizar este novo crédito, que supón un alivio para a situación das contas municipais” e insiste en que “aínda así temos que facer fronte a unha gran débeda que non debería ter o Concello, pero non é o mesmo devolver o diñeiro en 10 anos que en 25, como facemos agora”.

NOVO CALENDARIO PREVISTO DE AMORTIZACIÓNS



TOTAL 19 M

En marcha o segundo obradoiro dual para mellorar a empregabilidade de 20 persoas



Entrega de diplomas ás persoas participantes do primeiro taller

Tras o éxito do primeiro obradoiro dual de emprego, xa está en marcha a segunda edición

do ‘Artabroemprende’, un proxecto encabezado polo Concello de Miño xunto aos

de Pontedeume, Cabanas, Monfero e Paderne e que conta cun orzamento de

346.964 euros. Está financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade e destínanse 12.000 euros para fomentar a contratación de 8 alumnos unha vez remate.

Nesta ocasión, formaranse outros 20 alumnos e alumnas en dous módulos: instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e outro de limpeza en espazos abertos e instalacións industriais. En Miño realizarán traballos en zonas como o Parque das Idades, na área de descanso do Camiño Inglés en Costa Miño e nas escavas das avenidas principais desta urbanización. Farán tamén limpeza nos areais das praias da Alameda e A Ribeira, os parques, o aparcadoiro subterráneo, as rúas...

Renovación no pavimento e na rede de abastecemento de Outeiro, en Sombreu

O proxecto contará cunha subvención de 200.000 euros financiada pola Deputación da Coruña

O plan para renovar a rede de abastecemen-

to e o firme no núcleo de Outeiro, en Sombreu, segue avanzando en boa dirección. O goberno local aprobou a finais do mes de outubro do 2021 solicitar unha subvención de 200.377,84 euros á Deputación da Coruña para este proxecto.

A canalización de auga potable de Outeiro constitúe un tramo da rede xeral do municipio. Coa súa renovación asegúrase o abastecemento de auga potable non só para Outeiro, senón para toda a

poboación.

As obras que se levarán a cabo inclúen a substitución da rede actual de fibrocemento por unha de fundición, así como a renovación total do pavimento nos tramos onde sexa necesario.

OBRAS EN SOMBREU

Este proxecto de mellora únese a outras grandes actuacións executadas en Sombreu como foi a renovación da rede de saneamento efectuada na primeira metade do 2021 nos núcleos de Muradas e O Pedregal.

De igual xeito que aquel plan de renovación, a intervención en Outeiro permitirá solucionar todas as avarías e incidencias que se están a rexistrar na zona desde hai anos.



Plano das obras



Unha das zonas de actuación

Canalización de pluviais en Candá de Abaixo, en Leiro

Unha das grandes demandas da veciñanza de Candá de Abaixo, na parroquia de Leiro, está cada vez máis preto de converterse en realidade. O Concello investirá 52.000 euros na mellora da rede de recollida de augas pluviais e na construción dun muro de contención. O proxecto está financiado a través do Plan Único da Deputación da Coruña.

Trátase dunha intervención que permitirá asegurar as condicións de seguridade viaria na zona tanto para vehículos como para peóns. Na actualidade, a estrada e a súa contorna presentan numerosas deficiencias como consecuencia do paso do tempo e a acumulación de sedimentos polo escorrente da auga, pedras e vexetación ante

condicións meteorolóxicas adversas.

Así, os traballos que se van realizar permitirán ampliar a rede de canalización de pluviais e lograr unha recollida máis eficiente, eliminando acumulacións e evitando o escorrente de pedras e outros elementos á calzada e ás cunetas. Tamén se previrán os danos causados pola auga ao pavimento da estrada, alongando así a súa vida útil e supoñendo un importante aforro para as arcas municipais en termos de mantemento viario.

Por outra banda, procederase á construción dun muro de contención co que se incrementará a resistencia da infraestrutura en caso de choiva intensa e o paso de vehículos de gran tamaño.

No ano 2021 dedicáronse preto de 1 millón de euros a obras de mellora en todo o municipio

Ao longo do ano 2021 o Concello de Miño deixou executadas unha morea de obras espalladas por todo o municipio. As actuacións, que se poden consultar na táboa inferior, teñen que ver coa mellora de infraestruturas e equipamentos; da seguridade viaria; e coa ampliación e renovación da rede de saneamento e abastecemento. O importe total que destinou para estes proxectos ascende a 898.175,37 euros.

Reafirmado de vías A Barbeita -Vigo, Callobre-A Brea, Vigo-Pousadoira Santa Uxía, Antigo campo fútbol, Sanchal-Barcia, tramo en Barcia Tramos en Carantoña, As Pedrosas, A Sapeira, O Xuncal, O Penedo e Os Castros	131.088,00 €	Cuberta marquesiña entrada colexio Castro Baxoi	12.228,00 €
Saneamento en Padrín e apertura camiño Padrín-Ansimonde	108.639,00 €	Abastecemento e saneamento en O Barral (Sombreu)	11.345,00 €
Renovación rede saneamento en Sombreu	94.420,00 €	Reordenación de espazos no aparcadoiro e caseta de cobro - Praia Grande	10.643,00 €
Reafirmado vías San Xoán- O Fondal, Bollo, O Covo e Praia Lago- O Fondal	80.265,00 €	Melloras canalización pluviais en Extremeiro e A Calle (Perbes)	10.241,00 €
Reforma Edificio Club Náutico (Anualidade 2021)	68.675,00 €	Mellora da megafonía nas praias: Grande, Perbes e A Ribeira	9.605,00 €
Parque infantil Ponte do Porco	51.248,00 €	Pérgola e pasarela praia Grande	8.629,58 €
Arranxo cubertas muíños río Medio	48.395,00 €	Nova porta e cuberta na Base de Protección Civil	8.435,00 €
Reforma planta baixa do Concello (Servizos Sociais)	48.236,71 €	Renovación de bancos en mal estado (Fase-I)	8.052,00 €
Senda dos muíños do río Xarío (Fase-III)	40.280,00 €	Letras Miño na estrada do Porto	6.679,20 €
Abastecemento auga a Ponte do Porco	30.250,00 €	Reparación enlousado rúa Real e amaños na Carreira	6.576,00 €
Substitución tubería existente no paso sobre o río Lambre en Gümil	20.085,00 €	Cuberta na entrada da escola infantil 'A Ceboliña' e canalóns no Centro de Día	4.580,00 €
Bombeo na Barbeita	19.355,00 €	Reposición cableado en Trasdoroña e puntos de luz en Callobre	4.271,00 €
Mellora en parques infantís (Fase-I)	15.636,88 €	Aglomerado en frío, material para batcheo e arranxo beirarrúas	3.731,00 €
Fresado e aglomerado en distintas vías de Miño	15.325,00 €	Mellora saneamento e beiravía na Torre-Bermaño	3.341,00 €
Renovación do paseo madeira da praia de Perbes	15.258,00 €	Xunta elastoplástica en estribo no paso da avenida de Xarío sobre a vía do tren	2.662,00 €
		Total	898.175,37 €

REALIZADAS

O plan de investimentos para 2022 supón 4 millóns de €

Xa está deseñado o plan inicial de investimentos para o ano 2022 co que o Concello pretende ofrecer máis e mellores servizos e equipamentos á cidadanía. A a relación

de proxectos suma preto de 4 millóns de euros e é previsible que esta cifra vaia aumentando pola incorporación de novas fontes de financiamento xestionadas coas diferentes administracións.

Como se pode ver no mapa, as actuacións programadas chegarán a todas as parroquias do municipio. Ademais, está prevista a execución do proxecto de renovación de toda a iluminación pública do

municipio, que está subvencionado polo Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía e que permitirá substituír por LED as antigas luminarias (2,3 millóns de euros).

MIÑO

1. Reafirmado acceso á base de Protección Civil
2. Reafirmado ramal acceso entrada a Miño desde N-651
3. Reafirmado A Rúa
4. Reafirmado rúa Francisco García Picos
5. Reafirmado en Ponte do Porco
6. Senda peonil con rampla entre A Barrosa e Ponte do Porco
7. Reafirmado Condomiñas
8. Reafirmado na Robaleira
9. Pasos sobreelevados
10. Arranxo de afundimento no Camiño Real
11. Reafirmado Brao Castiñeiro
12. Colector xeral de saneamento na Prata
13. Abastecemento e pavimentación en Sombreu
14. Reafirmado en Sombreu
15. Peche con malla na pista da rúa Mercado
16. Malla trek-net na pasarela de Ponte do Porco
17. Cámaras en Gallamonde, Punto Limpo e Parque da Rúa

18. Instalación eléctrica nas pistas da Galea

19. Aparcadoiro caravanas

20. Acondicionamento praza da Fonte

61. Reforma edificio Club Náutico. Anualidade 2022

CASTRO

21. Reafirmado camiño Ponte de Nande

22. Reafirmado en Viadeiro

23. Reafirmado en Castro

24. Reafirmado Camiño Real (Bañoebre)

25. Bandas de seguridade en Río Bañoebre

VILANOVA

26. Reafirmado na Graña

27. Reafirmado en Ombre

28. Reafirmado na Modia

29. Reafirmado no Valgote

30. Reafirmado de Ombre a rúa A Fraga

31. Reafirmado camiño de Ar (Buíña)

32. Pasos sobreelevados na Avenida Xarío

33. Reafirmado no Couto

PERBES

34. Reafirmado en Sambollo

35. Reafirmado en Currás-Arbosa

36. Reafirmado en Sambollo-Dous Ríos-Covo

37. Reafirmado Nigrofe-Os Muíños-Chancas

38. Bandas de seguridade en Bollo

39. Reafirmado no Curro

40. Reafirmado na Calle (O Fondal)

41. Reafirmado no Couto

42. Reafirmado en Sambollo a Bollo

43. Reafirmado na Torre (Bermaño)

CALLOBRE

44. Reafirmado da Barbeita a Vigo (Capela de Guadalupe)

45. Reafirmado de Vigo a DP-4804

46. Reafirmado de DP-4804 a Peñascal (Santa Uxía)

47. Reforma lava-doiro na Barbeita

48. Reafirmado de DP-0906 a Requeixo, Cachufeira

49. Reafirmado de DP-0906 a Cachufeira

BEMANTES

50. Reafirmado no camiño da Fonte de Ansimonde

51. Reafirmado vía en Padrín

52. Reafirmado vías As Cobelas

53. Cuberta colexio de Bemantes

54. Reafirmado Costa Sabugueiro

55. Reforma local social Bemantes

CARANTOÑA

56. Reafirmado en Torrelonga

57. Reafirmado camiño na Lameira

LEIRO

58. Rede de abastecemento e saneamento en Visouteiro

59. Saneamento e pavimentación do camiño na Pedreira

60. Canalización de pluviais en Candá de Abaixo



Un parque de Ponte do Porco remodelado e con máis servizos

Melloras da zona infantil, da área de xogo e da de descanso ou da zona de xardíns

Cun investimento de 33.000 euros e unha subvención da Xunta de Galicia, o Concello de Miño executou a renovación e ampliación do parque de Ponte do Porco. Manuel Vázquez Faraldo sinalou que esta “reforma

integral permitirá mellorar considerablemente a calidade da infraestrutura e conectala co Camiño Inglés”. Ademais, remarcou que é unha obra solicitada e que “responde ao compromiso do Concello de mudar a situación de esquecemento deste emblemático núcleo”. A lista de traballos na zona inclúe a creación dunha praza e a integración do espazo no Camiño Inglés a través dunha senda.



Novo parque

40 ANIVERSARIO DO MONUMENTO A FERNÁN PÉREZ DE ANDRADE

A historia da instalación do monumento a Fernán Pérez de Andrade ‘O Boo’ en Ponte do Porco xa está ao alcance da man de quen desexe coñecela. Coincidindo co 40 aniversario deste feito, o Concello de Miño colocou un panel informativo no

propio parque no que se pode ver o curioso proceso, iniciado no ano 1963 e que non se culminou ata 1981. O panel foi descuberto nun acto ao que acudiron numerosos veciños e veciñas e representantes de diferentes institucións.



Núñez Lendoiro, C. Longo, M.V. Faraldo, F. Senén, J.M. Casabella e X. Lobato

O Estado executa obras de mellora da seguridade viaria en Miño

A Demarcación de Estradas do Estado, en coordinación co Concello de Miño, levou a cabo na N-651 tres proxectos de mellora en varios puntos do municipio. Entre estas actuacións están a ampliación do carril de incorporación na

saída de Miño cara a Ponte Baxoi, e no que vai da Ponte do Porco cara Miño, substituíndo os respectivos stop por un ceda ao paso; e, por último, a reparación do paso inferior e dun muro de contención en Leiro.



Saída cara a Ponte Baxoi




Reunión coa subdelegada do Goberno e o xefe da Demarcación de Estradas

Aumento da funcionalidade e da privacidade grazas á reforma da planta baixa do concello

A reforma do baixo da casa consistorial permitiu gañar espazo e crear zonas delimitadas para cada departamento

Calquera veciño ou veciña que entre agora pola porta da casa consistorial poderá pensar que se equivocou de lugar. A planta baixa do concello xa loce unha nova imaxe tras a reforma levada a cabo polo goberno local para aumentar a funcionalidade do edificio, asegurar a privacidade na atención ao público e gañar en eficiencia. Agora, cada departamento ten o seu propio espazo: Cultura e Deportes, Emprego, Xulgado de Paz e Servizos Sociais. Por unha banda, os usuarios e usuarias destas áreas xa poderán ser atendidos coa intimidade necesaria para certos trámites e, pola outra, os traballadores municipais ven melloradas así no día a día as súas condicións de traballo.



Nova imaxe da planta baixa da casa consistorial



Traballos na rúa Real

Mellora da circulación na rúa Real coa reparación do firme

O goberno local levou a cabo unha intervención para realizar melloras na rúa Real. Estas obras, que foron executadas con fondos propios do orzamento municipal, tiñan como obxectivo levar a cabo a renovación do pavimento desta rúa e garantir unha circulación óptima dos vehículos. Os traballos implicaron o corte do tráfico dunha parte da vía durante un día a comezos do pasado mes de outubro. Incluíron diversas actuacións como a substitución das baldosas de granito que se atopaban rotas e a fixación con

morteiro especial daquelas que simplemente estaban despegadas.

FIRME COMPACTO

Durante a execución dos traballos levouse a cabo o rexuntado do pavimento lastrado. O obxectivo deste proceso é o de conseguir obter un firme que sexa compacto e polo tanto que gañe en seguridade viaria para o paso dos vehículos na rúa Real, que terá un mantemento continuo para corrixir danos. O Concello vixiará as posibles eivas que aparezan na rúa.

Protección para o mal tempo coas novas cubertas na Ceboliña e no CEIP de Bemantes

Na escola infantil habilitouse un teito no acceso e no colexio crearase un patio cuberto

O mantemento e as melloras nestes edificios, de propiedade municipal, son actuacións que o goberno local acomete recorrentemente e de xeito prioritario para dar un mellor servizo ás familias do municipio e, sobre todo, aos máis pequenos que fan uso destas instalacións. Este ano os traballos centráronse en protexer das inclemencias meteorolóxicas a determinados puntos dos centros.

ACEBOLIÑA

No caso da escola infantil A Ceboliña instalouse unha cuberta na entrada, que garante unha maior comodidade e seguridade para as familias e o persoal nos días de choiva, vento ou tormenta. O obxectivo da instalación deste elemento de protección era o de habilitar un espazo seguro.



A Ceboliña



Representación da futura cuberta no CEIP de Bemantes

CEIP DE BEMANTES

No CEIP de Bemantes creárase, cun orzamento de 30.000 euros, un patio de xogos cuberto. Un novo espazo resgardado do mal tempo para que os máis pequenos xa non teñan que estar pendentes do ceo para xogar. Ademais, tamén permitirá a entrada á clase e ao edificio anexo do colexio sen ter que mollarse cando choiva, polo que se mellora así de xeito considerable a funcionalidade do centro. O goberno local decidiu levar a cabo estas obras ante o aumento rexistrado no número de escolarizacións no lugar, que este ano provocou a creación dunha nova aula, e as demandas de mellora dos usuarios e usuarias da instalación, que xa foi construída hai máis de dúas décadas.

Manuel Vázquez Faraldo explicou que este tipo de traballos lévanse a cabo "dentro da nosa política de mellora e incremento das prestacións destes dous centros que entran dentro das nosas competencias municipais".

Máis de 130.000 euros para habilitar saneamento na Prata

A extensión do servizo de saneamento a todos os lugares do municipio é unha das liñas de traballo principais do departamento de Obras do Concello de Miño. Actualmente, está en proceso de licitación un novo proxecto neste sentido, neste caso para executar a instalación dun colector xeral de sumidoiros no lugar da Prata, na parroquia de Miño.

A actuación, que conta cun orzamento de 137.882,49 euros e que está financiada a través do Plan Único da Deputación da Coruña, que

permitirá dotar de saneamento esta zona. O atraso desta obra tan demandada foi motivado pola necesidade de reformular toda a documentación que había ao respecto no 2019 e solicitar as autorizacións sectoriais pertinentes.

Os traballos inclúen a instalación de tres tubaxes de PVC para saneamento e pluviais, pozos de rexistro e un grupo de bombeo. O tempo estimado de execución desde o inicio é de catro meses e despois continuarase estendendo a rede noutros lugares.



Plano da rede de saneamento a executar na Prata


Os 12 inmobles para alugueiro social xa locen cheos de vida

As familias beneficiarias xa entraron nas vivendas cedidas ao Concello pola SAREB

Algúns dos pisos baleiros símbolos do legado que deixou a burbulla inmobiliaria en Miño locen agora cheos de vida. Ese é o resultado do convenio asinado entre o Concello e a SAREB polo que a entidade cedeu 12 vivendas que a administración local habilitou para alugeiro e emerxencia social e nos que xa entraron

a vivir as primeiras familias. Os pisos foron amoblados polo Concello en función das necesidades de cada unidade familiar. Ademais, a solidariedade tamén foi protagonista: moitos veciños e veciñas do municipio doaron mobles e útiles para instalar nos novos fogares.


O obxectivo do goberno local é o de chegar a novos acordos coa SAREB para a cesión doutras vivendas embargadas e ofrecer así un alugueiro social ás familias que quedaron fóra desta convocatoria.



Habitación



Cociña



Salón



O alcalde asina un contrato

A explotación de 'O Vello Almacén', de novo a concurso

"O Vello Almacén sempre contou con moita clientela que subía da praia a comer ou simplemente a tomar algo disfrutando da paisaxe. Non podía estar máis tempo pechado", explica Manuel Vázquez Faraldo, que decidiu publicar un concurso aberto para a contratación da concesión do servizo de explotación da cervexería, que non ten actividade desde o ano 2014.

O Vello Almacén é un local de hostalería que conta cunha atractiva situación, situado no acceso á praia da Ribeira e que, no seu momento, foi moi valorado tanto polos propios



Edificio do Vello Almacén

veciños e veciñas de Miño como polos visitantes que disfrutaban do areal.

Sae de novo a licitación ao quedar deserta na primeira convocatoria debido a erros materiais das solicitudes. A concesión será de 4 anos, mais dous prorrogables, e terá que pagar un canon anual.

Conta con 98 m² de espazo interior dedicados a bar e 38 prazas. A terraza dispón dunha superficie de 120 m² cunha capacidade para acoller 80 prazas e a posibilidade de instalar unha pérgola para crear un espazo cuberto.



TRABALLO SOCIAL

Dúas traballadoras sociais que se encargan de xestionar e tramitar (na súa totalidade ou ben nalgún tramo, como no SAF) os seguintes servizos:

Información e asesoramento sobre os recursos dispoñibles para cada caso específico

Programa municipal de inclusión social e, dentro del, tramitacións de RISGA, emerxencia social e outros recursos

Programa municipal de alimentos

Servizo de axuda no fogar (SAF)

Vivendas de alugueiro social

Roupeiro municipal

Centro de día

Servizo de podoloxía

Xantar na casa

SERVIZOS SOCIAIS

O departamento de Servizos Sociais municipal conta na actualidade con catro traballadoras a tempo completo: dúas traballadoras sociais, unha educadora familiar e unha auxiliar administrativa.

Intervención familiar e terapéutica

Atención e orientación para mulleres

Atención á infancia

Programa de apoio socioeducativo

Campamentos de conciliación

Escola infantil

Bolsas de libros e comedor




EDUCACIÓN FAMILIAR

Ademais a veciñanza pode acceder a dous servizos externos en días soltos

ASESORAMENTO XURÍDICO

EIS

Estratexia de Inclusión Social



Tanto o persoal propio como o externo traballa en equipo e de xeito personalizado cada asunto, ata acadar o mellor itinerario ou tratamento.

DATOS DE INTERESE

48

CITAS

mensuais no departamento de Traballo Social

90

XESTIÓNS

individualizadas de atención á dependencia

50

FAMILIAS

en programas de alimentos

40

FAMILIAS

no programa de Educación Familiar, onde se observa un aumento das demandas por parte de mulleres que están en situacións de violencia e/ou vulnerabilidade

75

PERSOAS

empregaron o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) en 2021

20/25

USUARIOS/AS AO MES

en Podoloxía

25

ALUMNOS/AS

no Programa de Apoio Socioeducativo

ANIVERSARIO DO CENTRO DE DÍA 'A REGUEIRA'



Manuel Vázquez Faraldo e a concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello, asistiron no mes de decembro do ano pasado á festa de aniversario da posta en servizo do Centro de Día A Regueira, que estivo amenizada pola actuación da Rondalla ACRD O Castro.



Reunión na Subdelegación do Goberno



Roubo nun farol

Colaboración da veciñanza e das institucións para poñer fin ao roubo masivo de cable

Os continuos roubos de cable supuxeron para o Concello perdas de máis de 100.000 euros

A unión dos veciños e veciñas de Miño e a suma de forzas entre Concello, Goberno do Estado e forzas de seguridade, fíxose imprescindible para conter a vaga de roubos de cable eléctrico que sufriu o municipio nos últimos meses de 2021. Uns ataques delitivos feitos de

xeito masivo que supuxeron para a Tesourería local unhas perdas de máis de 100.000 euros pola reparación dos danos causados. Co obxectivo de poder previr estes ataques, Manuel Vázquez Faraldo solicitou a colaboración veciñal e reuniuse coa subdelegada do Goberno, María Rivas, e o coronel da Comandancia da Garda Civil, Francisco Javier Jambrina, co obxectivo de sumar recursos e coordinar as diferentes liñas de investigación abertas para solucionar a incidencia.



Sabotaxe na rede soterrada

Carros de solidariedade cos afectados polo volcán da Palma

O Concello de Miño iniciou unha campaña de doazóns para colaborar coas persoas afectadas pola erupción do volcán na illa da Palma. Durante unha fin de semana enchéronse de diferentes produtos e útiles de hixiene persoal os carros dispostos nos diferentes supermercados do municipio. Os palmeiros e as palmeiras quixeron agradecer esta axuda enviada a través dun recoñecemento ao corpo de Protección Civil, encargado de coordinar e xestionar a entrega de todos os produtos recollidos.

DISTINTIVO DE PERMANENCIA A JOSÉ LUIS VIZOSO



O voluntario da agrupación de Protección Civil de Miño, José Luis Vizoso Vázquez, foi recoñecido na Academia Galega de Seguridade Pública co distintivo de permanencia no corpo, co que se pon así en valor o seu labor e o seu compromiso co servizo público galego.

Facer un Miño máis accesible, obxectivo do goberno local



Visita do alcalde á asociación ASPACE

Novas zonas de parada rápida no Castro Baxoi



Unha das prazas

Novas zonas para deixar de maneira rápida os rapaces preto do CPI Castro Baxoi. Ao estilo dun aeroporto, o 'Bica e arrinca' (que vén da expresión inglesa 'Kiss and ride') permite unha parada dun minuto de 8.40 a 9.00 horas e de 13.30 a 14.10 horas na rúa Cobo para que o alumnado poida concluír o camiño andando. Ademais, este método desconxestiona o tráfico e aumenta a seguridade viaria.

Non é a única parada deste tipo na localidade: xa existe na rúa Marismas desde setembro do ano 2020.

Manuel Vázquez Faraldo reafirmou con ASPACE a intención de eliminar barreiras arquitectónicas

O Concello reivindicou a necesidade de seguir comprometéndose para facer Miño máis accesible a toda a cidadanía máis aló das

barreiras arquitectónicas. O Goberno municipal reivindicou este punto tras a visita a ASPACE unha asociación sita na Coruña e formada por pais de persoas que sofren parálise cerebral. Alí acudiron o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, e a concelleira de Servizos Sociais, Yolanda Bello, que puideron comprobar o traballo da entidade. O

rexedor foi entrevistado por locutores en La Radio de los Gatos. Como exemplo, entre as propostas levadas a cabo ata o momento polo Concello destaca o uso de mochilas vibratorias para persoas con discapacidade auditiva e intérpretes de lingua de signos durante a celebración do festival musical En CaMIÑO no verán.



Casa do Pescador

A Casa do Pescador albergará un centro de coworking

A Casa do Pescador terá unha nova vida como Centro Municipal de Emprego, Emprendemento e Formación. O Concello de Miño recibiu unha axuda de 100.000 euros a través do GALP Golfo Ártabro Norte, dependente da Consellería do Mar, para converter dúas plantas do edificio, infrautilizado ata o momento, nun espazo de coworking.


O proxecto do goberno local inclúe a creación dunha aula de formación dixital, outra de formación básica, unha de cociña, unha sala de reunións e un espazo de traballo colaborativo.

A creación deste centro na primeira e na segunda planta do edificio establecerá un punto de inflexión para a cooperación entre axentes públicos e privados, asociacións de empresarios, consumidores e empresas. O proxecto representa unha iniciativa innovadora para Miño, que nunca dispuxo dunha aula de formación homologada para impartir cursos a traballadores, desempregados e autónomos nas convocatorias anuais, o que representaba unha desvantaxe que lastraba o desenvolvemento local do pobo.

A Fraga do Xarío e o Camiño Inglés xa están conectados por unha senda de 2 quilómetros

A terceira fase do proxecto Fraga do Xarío permitiu crear un novo itinerario peonil ao carón do río

O plan de sendas do Concello continúa avanzando, conectando parroquias e lugares de interese turístico a través dunha rede de vías peonís para uso e desfrute da veciñanza. A terceira e última fase do proxecto da Fraga do Xarío, que está financiada con recursos municipais e coas subvencións da Consellería de Medio Ambiente, permitiu crear unha senda que transcorre paralela á canle do río Xarío, atravesando os terreos do campo de golf, e conectando co Camiño de Santiago.



Investimento de 60.000 euros para recuperar a Ruta dos Muíños

A recuperación das numerosas sendas xa existentes en Miño é unha das liñas de actuación principais dentro do plan de mobilidade, ocio e turismo do goberno local. Agora, o Concello destinará 60.000 euros, a metade

sufragado con fondos municipais e o importe restante cunha axuda de Turismo de Galicia, para recuperar e poñer en valor a Ruta dos Muíños, na contorna do río Medio.

O obxectivo principal dos traballos será o de rehabilitar

os tellados de todos os muíños do itinerario. Manuel Vázquez Faraldo e o concelleiro de Obras, Agustín Sanz, comprobaron a deterioración existente nas infraestruturas, así como a necesidade de intervir de xeito urxente para evitar a

perda total destes bens que contan cun alto valor cultural.

A Ruta dos Muíños é un percorrido circular, de dificultade accesible, que transcorre polo río Medio e no que se poden atopar cinco muíños ata o de agora moi deteriorados.



Visita para comprobar o estado dos muíños



Actuación nun dos muíños

Miño é recoñecido no certame 'Vilas en Flor' polo impulso e coidado dos espazos verdes

Entre os motivos cítanse os esforzos para a mellora do centro urbano e as zonas naturais ou a rehabilitación de sendeiros

Galardón para Miño na edición de 2021 do programa 'Vilas en Flor', un certame que ten como obxectivo a busca da mellora ambiental, social e económica dos concellos galegos. Organizado pola Fundación Juana de Vega, Miño recibiu unha flor de honra tras valorarse positivamente as accións levadas a cabo para mellorar e resaltar os seus espazos verdes urbanos, a xestión sostible, a educación ambiental e a concienciación cidadá co coidado da contorna.

No relativo en concreto a Miño, resáltase que aínda que o municipio pola súa configuración e distribución



A Senda dos Sentidos

espacial non conta cun gran número de zonas axardinadas no centro urbano, estase realizando un esforzo en traballos para amañalo. Eses labores están centrados nas súas zonas naturais: por

exemplo, para o control de especies invasoras na Praia da Alameda, ou a rehabilitación de sendeiros como os xa existentes. Por outro lado, cabe salientar tamén a análise de novos proxectos de sendas

en diferentes zonas do concello para a mellora da accesibilidade e a circulación dos peóns: a conexión de Telle e Bañobre a través da ponte do Puzo que enlazaría cunha senda pola beira do Baxoi.

Incremento constante do número de visitantes

O turismo no concello de Miño está en auxe: os datos da oficina de turismo así o constatan, cunha cifra de visitantes nos meses de verán superior á de 2019, antes da pandemia de coronavirus. Neste tempo quedou acreditado o auxe do Camiño Inglés para o municipio.

A oficina municipal atendeu 2.733 persoas entre xullo e setembro, un dato mellor que o dos dous últimos anos. En 2019 foron 2.567, polo que se rexistra un crecemento superior ao 6%. En 2020, no verán tras o confinamento, pasaron polo local 978 persoas. Do dato de 2021, 1.694 foron

peregrinos do Camiño Inglés. Máis de un de cada dez dos usuarios deste lugar de información foron internacionais, o 11,63 % do total.

A información máis reclamada foi relativa ao propio municipio, pero tamén sobre as comarcas da Coruña e As Mariñas, sobre Ferrolterra e da planificación do percorrido do Camiño Inglés. Ata tres persoas atenderon este servizo, que durante os tres meses estivais estivo aberto todos os días. Unha das traballadoras contratouse por unha subvención autonómica, outra por unha provincial e a terceira foi a auxiliar de Turismo do Concello.

Xornada micolóxica para coñecer mellor os cogomelos

O Concello de Miño organizou unha xornada micolóxica para impulsar o coñecemento dos cogomelos entre a poboación, xa que é unha afección que conquista a moita xente. Os veciños puideron acudir a este evento que incluíu tanto teoría como práctica para coñecer máis detalles desta actividade e estiveron moi

activos durante as diferentes explicacións que se levaron a cabo.

Como é evidente, a parte máis entretida chegou co momento da saída ao campo. Alí os participantes tiveron que dirixirse ata a contorna da Senda dos Sentidos para poder gozar dun roteiro guiado. Con anterioridade tivo lugar a parte teórica do día.



Un momento da xornada



Roteiro

Deporte e natureza no I Tríatlon Cross do Concello de Miño



A proba de natación tivo lugar na praia Grande

Case 200 persoas participaron nunha proba que combina natación, bicicleta de montaña e carreira

Miño aposta polo deporte. Nos últimos meses, despois da parada provocada pola pandemia, sucedéronse no municipio os eventos deportivos de diferentes disciplinas. O último foi o I Tríatlon Cross Concello de Miño, unha proba na que se deron cita case 200 deportistas chegados de diferentes puntos de Galicia e que percorreu varios

dos enclaves naturais máis significativos da localidade. A proba, que forma parte do calendario da Federación Galega de Tríatlón, incluía 1 quilómetro de natación na Praia Grande, 30 quilómetros

de bicicleta de montaña polo Camiño Inglés nas parroquias de Castro, San Xoán e a urbanización Costa Miño e, por último, 7 quilómetros de carreira de montaña nun circuíto na Fraga do Xarío.



Momento da proba de bicicleta



Chegada dos primeiros nadadores

A I Regata de Kaiak de Mar percorre o litoral do municipio



Saída da regata

Foron moitos os veciños e veciñas de Miño que se situaron, nunha mañá do mes de outubro, ao longo de todo o litoral para desfrutar da I Regata de Kaiak de Mar Concello de Miño, que foi un éxito de organización do Club Náutico de Miño grazas ao exhaustivo protocolo

COVID que deseñaron e implementaron en colaboración coa Concellería de Deportes. Na proba participaron 137 deportistas. En clave local, o mellor resultado conseguiu-se en 'CADETE K-2 Mixto Sprinter 5000' con ouro para Carmen Anido Mosquera e Unai Quinteiro Doce.

Recoñecemento a tres deportistas locais que tiveron éxitos durante o último ano

Carlos do Carmo, Juan Vázquez Amado e María Filgueiras foron recibidos polo alcalde para poñer en valor o seu traballo

O recoñecemento ao esforzo é unha motivación

máis para continuar traballando nesa liña. O Concello de Miño decidiu aplicar esa máxima e quixo recoñecer, mediante unha recepción oficial na Alcaldía, o traballo e a traxectoria de tres deportistas locais: Carlos do Carmo Silva, Juan Vázquez Amado e María Filgueiras. Carlos do

Carmo proclamouse gañador da Copa de Campións de España de fútbol en categoría xuvenil co R.C. Deportivo de La Coruña, eliminando a clubs importantes como o Real Madrid ou o Fútbol Club Barcelona.

Juan Vázquez gañou a Copa do Mundo de cuadríatlón en

Toledo, unha disciplina que consiste en nadar 750 metros, 18 km de ciclismo, 4 km de piragüismo e 5 km de carreira.

María coroouse campioa de España de ciclocrós en Xátiva. No 2021 tamén gañou a Copa de España, a Copa de Galicia e o Campionato de Galicia.



Juan Vázquez e Carlos do Carmo con Manuel Vázquez Faraldo



María Filgueiras coa súa familia

As actividades municipais rexistran unha alta demanda

A alta demanda rexistrada para participar nas actividades culturais e deportivas do curso 2021/2022 fixo que o Concello nalgúns casos tivese que habilitar grupos adicionais para poder dar cabida a todas as solicitudes. Un éxito que se palpa tanto nas actividades propiamente municipais como nas que organizan as diferentes asociacións de Miño en colaboración co Concello. Desde o goberno local destacan "a importancia de contar cun abano amplo de opcións de ocio logo dun período de restricións moi duro do que queremos comezar a saír de xeito seguro". Entre a programación de obradoiros culturais destacan

os talleres de costura, o encaixe de palillos ou a formación para maiores de 50 anos en dispositivos tecnolóxicos. No caso das escolas

Na elaboración da programación colaboran diferentes entidades e clubs do municipio

deportivas, os veciños e veciñas de Miño poden escoller pádel, natación, atletismo, ximnasia, pilates, ioga ou patinaxe, entre outras.

Colaboran entidades como a AVV Xarío, Amas de Casa de Miño, Club Náutico, AVV Irmandade, AD Miño, Asociación O Castro, o Miñotauros Clube Ciclista ou a ANPA do CPI Castro Baxoi.

Axudas a entidades para actividades e investimentos

Unha das premisas fundamentais do goberno local é a de estar ao carón das diferentes entidades do municipio, colaborando asiduamente con elas para axudarlles a levar a cabo o seu labor e fomentando novos proxectos que permitan dinamizar e enriquecer o día a día do pobo. Para iso, o Concello convocou unha liña de axudas dirixidas a

As contías máximas destas subvencións varían desde os 5.000 euros ata os 2.500 euros

entidades sen ánimo de lucro para a promoción de actividades e investimentos en

materia deportiva, cultural, social e de interese xeral no municipio para o ano 2021. As contías máximas destas subvencións serán de 5.000 ou 4.500 euros para actividades culturais e deportivas, respectivamente. No caso de investimentos como mellora de infraestruturas ou adquisición de equipamentos, os créditos serán de ata 3.500 e 2.500 euros, respectivamente.

Entre os requisitos para beneficiarse desta convocatoria estaba o de ser unha entidade pública ou privada sen ánimo de lucro e estar inscrita previamente no rexistro municipal de asociacións.

Recuperando receitas populares nos talleres de cociña mariñeira para a hostalería local

Os obradoiros levaranse a cabo na Casa do Pescador ata o mes de marzo e están dirixidos a toda a hostalería

O Concello organizou oito obradoiros de cociña mariñeira para a hostalería e para recuperar receitas populares da zona. Os talleres, que se levan a cabo na Casa do Pescador, durarán ata marzo e o docente será o prestixioso cociñeiro Antonio Amenedo. Un dos obxectivos é acordar un prato innovador e representativo de Miño, que utilice produtos locais da terra e do mar e consolidar unha marca gastronómica de calidade no municipio.

A cebola chata foi a protagonista do primeiro dos obradoiros. Nel traballouse en facer empanada coa cebola como ingrediente principal xunto a diferentes produtos do mar.



Traballo no obradoiro da Casa do Pescador



O chef Antonio Amenedo

Concepción Vidal cumple 100 anos



Entrega do obsequio

Concepción Vidal Vidal, 'Concha', que cumpriu 100 anos, recibiu a visita de Manuel Vázquez Faraldo e de Yolanda Bello. No nome do Concello, felicitárona polo seu aniversario e entregáronlle un ramo de flores e un recordo, ademais de pasar un anaco conversando con ela e coa súa familia.

Mostra de Manuel Valcárcel para o uso racional da auga

A auga como ben prezado e a necesidade dun consumo responsable entroncan a exposición do fotógrafo galego Manuel Valcárcel que acolleu o Centro Social A Rúa. Baixo o nome de 'Auga. O sangue da Terra', a mostra chegou a Miño tras unha intensa viaxe que percorreu xa os cinco

continentes.

Valcárcel viaxou a diversos puntos do globo en busca das fotografías perfectas: poden citarse, por exemplo, a illa Sur de Nova Zelandia; tamén o val do río Ganxes, na India. Esta mostra chegou ao municipio da man de AFundación de ABANCA e o Concello.



Inauguración da exposición

Visita do alcalde a alfombristas



Centro social de Leiro

Manuel Vázquez Faraldo e Catalina Morado realizaron unha visita para ver as alfombras que fixo a Asociación de Alfombristas e Arte Efémoro nas distintas igrexas parroquiais. Puideron conversar con representantes da entidade e coñecer o seu traballo. O encontro tivo lugar no centro social de Leiro.



Pancarta de rexeitamento polo 25N

A repulsa fronte ás violencias machistas enche os actos do 25N

Carteis, charlas aos máis mozos e manteis reivindicativos nesta necesaria xornada

O 25N, xornada na que se conmemora o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, serviu

un ano máis para insistir nun problema que provoca o asasinato de milleiros de mulleres en todo o mundo a mans das súas parellas ou exparellas homes.

Así, Miño vestiuse de novo de negro para recordar o moito que aínda está por facer neste tema. Realizáronse

diferentes accións no municipio que buscan concienciar e denunciar este tipo de agresións.

Entre as actividades que se promoveron pode mencionarse a campaña De Fronte, promovida pola Deputación da Coruña, na que os locais hostaleiros utilizaron manteis individuais co lema 'De fronte coa Violencia de Xénero'.

Ademais, durante este día tratou de concienciarse os máis mozos: o estudantado de primeiro da ESO tomou parte dun coloquio sobre este tema. Os alumnos da escola infantil A Ceboliña fixeron, polo seu lado, debuxos con frases como 'Todos somos iguais'.

Por último, observáronse polo municipio os carteis de 'En negro contra as violencias machistas' e os de 'Contra as violencias machistas'. O Concello remarcou que se pretende fomentar por todo o mundo políticas para loitar pola erradicación, brindar apoio e xerar conciencia. Todo iso acompañado do lema 'Nin unha menos'.

Campaña de difusión sobre a endometriose



Adhesivos da iniciativa

O Concello, en colaboración coa Asociación QuerENDO Mulleres con Endometriose e a Asociación de Empresarios de Miño, presentaron unha nova campaña de difusión e visibilidade sobre a endometriose.

A iniciativa incluíu a disposición de adhesivos nos baños femininos de locais hostaleiros, os edificios públicos e os centros escolares co obxectivo de concienciar sobre esta doenza e favorecer a súa detección de maneira precoz.

A campaña conta cun lema central, que segue o cancelo #stopENDOMETRIOSE. Calquera persoa pode axudar a difundir o proxecto nas redes sociais subindo unha fotografía na que se mostre o adhesivo. Á súa vez, a organización ten habilitado o portal web www.querendo.eu para máis información.

Trátase dunha nova colaboración coa entidade, que contou con colaboración municipal en campañas de divulgación anteriores ou a instalación dun posto informativo no I Trail Concello de Miño que se celebrou en setembro.

A REGUEIRA SÚMASE ÁS REIVINDICACIÓNS

As persoas usuarias do Centro de Día A Regueira sumáronse tamén ás reivindicacións en contra da violencia de xénero durante o 25 de novembro.



A Asociación de Amas de Casa entrega un lote de alimentos á Cociña Económica da Coruña

A Asociación de Amas de Casa realizou a súa tradicional entrega solidaria á Cociña Económica da Coruña que realiza en colaboración do Concello e a Deputación da Coruña. Neste caso, a doazón constou de 600 botes



Achega deste ano

de marmelada, marmelo e compota de mazás e peras recollidas polas integrantes da agrupación no Pazo de Mariñán. Parte da corporación acompañou un ano máis a asociación na entrega do lote.



A Fraga do Xarío éñchese de cabazas polo Samain

As cabazas máis terroríficas, máis divertidas e máis orixinais de Miño encheron o percorrido da Fraga do Xarío dentro da programación municipal para celebrar o Samain.

O Roupeiro municipal reparte ilusión no Nadal

Alicia, Ximena e Ánxeles, voluntarias do Roupeiro municipal, vestiron de novo o traxe de axudantes de Papá Noel e os Reis Magos para colaborar no reparto de agasallos de Nadal.



Papá Noel e os Reis Magos, de visita polas rúas do municipio

Mercado de Nadal da Asociación de Empresarios

Miño contou cunha ampla programación cultural, turística e deportiva para celebrar o Nadal

Nin Papá Noel nin as súas Maxestades os Reis Magos de Oriente quixeron perder a

oportunidade de facer unha parada en Miño durante as súas xornadas repartindo

A veciñanza dispuxo dun poboado de Nadal situado nas pistas de Rabazal

agasallos por todo o mundo.

A programación cultural do Concello para o Nadal

contou co poboado de Papá Noel nas pistas de Rabazal e a visita dos Reis Magos por todas as parroquias do municipio.

Organizáronse, ademais, diversas actividades culturais, turísticas e deportivas ao longo dos meses de decembro e xaneiro.

A Asociación de Empresarios de Miño organizou a primeira edición do seu mercado de Nadal nas instalacións do pavillón municipal durante os pasados días 4 e 5 de decembro. As persoas asistentes puideron acceder a unha ampla variedade de ofertas en agasallos, decoración, moda, deportes, alimentación ou produtos gastronómicos locais.

Nova sesión de autocine co filme A familia Addams

As sesións de autocine continuaron en Miño durante os últimos meses. A derradeira cita celebrouse durante a conmemoración do Samain cunha película do máis terrorífica: A familia Addams. A rúa Calvela, en Costa Miño, foi o escenario dunha proxección que contou con animadores terroríficos que interaccionaron co público asistente.



Escoitamos os problemas das persoas para logo trasladalos aos organismos

Juan Domínguez

Presidente da AA.VV. Bemantes



A directiva da asociación

De forma modesta, pero aínda así realizando un gran traballo para a cidadanía. A Asociación de Veciños de Bemantes ofrece diversos cursos e tamén organizan variados eventos con moito éxito, como as sardiñadas ou magostos populares

Como se organiza a vosa asociación e como estades realizando as tarefas e as actividades que programades?

Nós somos unha asociación veciñal que tivo a súa fundación no ano 1982, temos unha directiva con oito persoas, e cada un encárgase das súas actividades. A verdade é que tivemos uns momentos duros e difíciles, nun principio cando se fundou a asociación non tiñamos local. Foi todo cun traballo que se foi realizando durante moitos anos. A día de hoxe os tempos tampouco é que sexan fáciles, a asociación practicamente está aguantando co que temos, con subvencións e axudas mínimas e estamos cobrando a mesma cota que cando foi fundada.

Hoxe temos unha cota que é de 30 euros e antes, cando foi fundada, a cifra era de 5.000 pesetas. En total somos 196 socios e levamos a asociación o mellor que podemos.

Con que tipo de actividades estades contando na actualidade?

Temos actividades diversas. Facemos cursos de manuaisidades, tamén estamos con cursos de inglés, de ioga, de spinning. Facemos ao ano unha sardiñada e un magosto.

Que tipo de público tedes neses cursos que levades a cabo?

O público en xeral é de todas as idades. En judo por exemplo temos un apartado júnior, de infantís... dende os 5 ou 6 anos. E o público que temos cando facemos os magostos, por exemplo, é tamén de todas as idades, todo o mundo colabora, sempre che dan axuda. Nos magostos uns axudan cunhas cousas, outros con outras, pero colabora todo o mundo.

Aínda que tedes os socios, estades abertos a toda a veciñanza.

Si, estamos abertos a todos e vén xente de toda a vila e tamén de fóra desta. E cando imos a realizar un evento, por exemplo cando facemos unha sardiñada, o que temos marcado é que lle cobramos un prezo concreto aos socios e ao resto da xente outro prezo.

Entendo que ante tal resposta, sentides esa responsabilidade coa veciñanza.

Que non caiba a menor dúbida. Unha cousa que facemos é que compramos todos os anos para repartir entre os socios a lotaría de Nadal e non lles cobramos ningún recargo. Porque á xente que está colaborando non llo podes cobrar. Nós non somos unha comisión de festas que traballamos cun ánimo de lucro. O que facemos é que cando os veciños teñen un problema nós imos reclamar ao Concello. Imos xunto das persoas escoitar os seus problemas para despois presentalos ante os diferentes organismos. É para iso para o que está a asociación.

Hai uns meses o Concello construíu unha porta de emerxencias no local social. Como é a vosa relación co Consistorio?

Na colaboración co Concello de Miño non temos ningún tipo de problema. Cando se montou a asociación compráronse parcelas, foise pouco a pouco ampliando o espazo. Pero chegou un momento no que isto ten un mantemento que se o local social o tivese que pagar de maneira completa a asociación o que se tería que facer é cobrar unha cota para cada socio que ascendería aos 200 euros en vez de aos 30 euros que temos fixados. Entón o que se realizou dende a propia asociación foi que se lle cedeu ao Concello este local, mentres que o terreo non, xa que segue a pertencer aos veciños. Nós actualmente o que estamos pagando é o mantemento e a limpeza. O motivo é que se podemos cobrarlle aos socios só os 30 euros non lles imos cobrar os 200 euros, porque esa persoa socia diría que evidentemente isto non se aguenta, xa que hai outras formas de proceder para non ter que estar pagando esa cantidade.



RETOS DO

2022

Rematamos o ano 2021 e comezamos o 2022 aínda coa presenza do virus, que tanto dano nos está a facer. Aínda así, creo que **no Concello de Miño fomos capaces de sortear infinidade de contratempos para alcanzar moitas metas e avances en beneficio do noso pobo e os seus veciños e veciñas**. Son tantos que enumeralos sería unha lista interminable.

En 2022 tamén seguirei repetindo que **Miño ten presente e ten futuro**. Non só o digo eu, dino os datos. Somos o municipio que máis medra en poboación porcentualmente da área metropolitana da Coruña.

As familias queren asentarse en Miño porque aquí cada vez vívese mellor. Pouco a pouco fomos mellorando os servizos que ofrecemos; a nosa situación xeográfica é privilexiada, ao carón de grandes cidades como Coruña, Lugo, Ferrol ou Santiago; e temos boas conexións a través de ferrocarril, estrada nacional, e autoestrada, coa gratuidade do viaxe de volta aplicada polo goberno central. **Traballamos para conservarlas e melloralas todas e para isto seguiremos loitando e chamando a todas as portas**. Ademais, as diferentes políticas que aplicamos nos últimos anos permitiron mellorar a calidade de vida da veciñanza e darlle unha imaxe renovada á vila.

Unha vila que, de por si, é fermosa. Temos seis praias, tres ríos, dúas marismas, e diversas sendas (e máis que se farán). Unha vila que é activa grazas ás entidades veciñais, deportivas e culturais, que ofrecen unha ampla oferta de actividades. Unha vila para todos, para os maiores e para os máis pequenos.

No 2022, seguiremos a construír o Miño que todas e todos queremos. Seguiremos a facelo aproveitando paisaxes, respectando a natureza e conectando núcleos como premisas básicas das nosas principais accións de goberno.

Queremos que Miño siga medrando e niso estamos encamiñados.

Manuel Vázquez Faraldo

Acalde do Concello de Miño

EN Co Miño